

Instrucións do 25 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para facilitar os recursos materiais no ámbito educativo ao alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, escolarizado nos centros docentes públicos de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro está determinada no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Non obstante a atención educativa ás persoas procedentes de Ucraína debe ter un tratamento máis singularizado dadas as circunstancias que se están a dar nos desprazados que chegan a Galicia

A Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, establece as condicións básicas para o proceso de acollida e escolarización deste alumnado.

Dada a diversidade de situacións do alumnado desprazado, así como o seu desigual acceso a diferentes recursos, para facilitar o proceso de adaptación, contribuír a unha situación de seguridade e benestar, favorecer a inclusión e atención á diversidade e, en suma, para garantir a equidade educativa, é preciso organizar a posible adopción de medidas específicas por parte dos centros educativos.

En consecuencia por todo o anterior, dítanse as seguintes instrucións:

Primeira. Obxecto.

Estas instrucións teñen por obxecto establecer as pautas para a cubrir as necesidades materiais básicas no ámbito educativo do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína escolarizado nos centros docentes públicos de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co obxecto de garantir a equidade educativa.



Segunda. *Ámbito de aplicación.*

Estas directrices serán de aplicación aos centros docentes públicos de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que acollan alumnado desprazado polo conflito de Ucraína.

Terceira. *Material educativo básico e máscaras.*

Cando os centros educativos detecten que o alumnado desprazado polo conflito de Ucraína o precisa, deberán entregar ás familias un conxunto básico que inclúa o material escolar habitual do alumnado do centro. Este material poderá incluír cadernos, material de escritura e debuxo, algún libro de texto que poida utilizar de acordo á súa competencia curricular e idiomática, mochila e estoxo, etcétera.

Do mesmo xeito, cando o centro educativo detecte que o/a alumno/a precisa dun equipamento mínimo para as clases de educación física como roupa e/ou zapatillas, poderá facilitarlllo para garantir a súa correcta participación nas actividades educativas.

Ademais, faráselle entrega de máscaras reutilizables para a protección fronte a COVID-19.

Respecto ao equipamento TIC, este alumnado disporá dos medios, a conectividade e os recursos dixitais dos que dispoña o resto do alumnado do centro, de acordo aos programas institucionais en que participe.

Cuarta. *Seguro escolar*

Naqueles casos nos que proceda o pago do seguro escolar o centro asumirá o seu custo.

Quinta. *Actividades extraescolares e complementarias.*

A participación do alumnado desprazado en actividades extraescolares e complementarias contribúe ao seu benestar emocional e integración sociocomunitaria. Por este motivo o centro favorecerá a participación nas actividades que se desenvolvan no mesmo e asumirá, de ser o caso, o seu custo.



Sexta. Outro material educativo.

No caso de ensinanzas que poidan requirir de material extraordinario, como ensinanzas de formación profesional, artísticas ou deportivas, os centros poderán cederlle o material complementario co que conte o resto do alumnado, sempre que dispoñan del. Se se fai entrega de material inventariable, deberá informarse á familia que se lle cede en réxime de préstamo e que deberá devolvelo ao centro ao finalizar o curso escolar.

Sétima. Entrega do material.

Os centros, no momento da entrega do material, facilitarán ás familias un documento onde se reflecta a relación pormenorizada do material entregado. Neste documento recollerase o compromiso de bo uso e coidado e indicarse expresamente que material é cedido en réxime de préstamo que, polo tanto, deberá ser obxecto de devolución ao finalizar o curso escolar.

Unha vez asinado, un dos exemplares quedará en posesión do centro e outro será entregado á familia.

Este documento poderá acompañarse dunha fotografía do material para facilitar a comunicación do seu contido.

Oitava. Xestión económica.

Os gastos derivados das actuacións previstas nas presentes instrucións realizaranse con cargo á partida de gastos de funcionamento do centro. As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, deberán quedar debidamente arquivados na secretaría do centro

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados destas instrucións, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na contabilidade do centro.

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

